



O 31 de outubro  
celebrase Halloween,  
unha festividade que  
ten as súas raíces na  
festa celta do Samaín,  
que aínda se organiza  
en Galicia, Asturias ou  
León.






"Mouchos, coruxas, sapos  
e bruxas;

demos, trasnos e diaños;  
espíritos das neboadas  
veigas, corvos, pintegas e  
meigas;

rabo ergueito de gato  
negro e todos os feitizos  
das menciñeiras"





Así empieza o esconxuro galego que dá paso á preparación da tradicional queimada en Galicia.

O seu compositor, Marcos Abalo, confesou que este naceu nunha noite de esmorga a bordo dun barco comisado no porto de Vigo. Corría o ano 1967 e o seu novo autor quixo mesturar símbolos mitolóxicos cunha bebida clásica a base de augardente, azucre e limón.








A mitoloxía celta sempre estivo presente en moitas tradicións do noroeste de España.

Tamén mesmo en noites como Halloween, que moitos consideran unha festividade importada de EEUU.

Como sucede con moitas outras festas, esta celebración non é tan allea como parece, senón que conta cunha orixe celta.





O 31 de outubro, os celtas celebraban a festa do Samaín, unha data elixida como "día de transición" entre o verán e a estación sombría, o inverno. A festividade coincidía coa redución progresiva de horas de luz, e servía para festexar o fin da tempada de colleita.







Durante este día, os pobos celtas crían que a fronteira entre os vivos e os mortos diluíase, polo que espíritos, podían regresar ao mundo. Para escorrentar aos malos, utilizaban traxes e máscaras que lembran aos disfraces que utilizarán moitos durante a noite de Halloween (ou Samaín) , ademais de ofrecer ofrendas aos defuntos...



O Samaín séguese celebrando en moitos pobos de Galicia, Asturias ou León. Estes días, por exemplo, moitos nenos na zona pontevedresa de Arousa sairán a pedir o aguinaldo, un costume similar á popular fórmula anglosaxoa do "truco ou trato".







Na conca mineira asturiana,  
pola contra, a sidra doce  
acompañará  
a festa celta para honrar  
aos defuntos; mentres  
que en moitos pobos  
do Bierzo organizaranse  
magostos para asar  
castañas, como  
é tradicional durante o  
outono.





Os magostos, magüestus ou  
castanyadas, en función da  
rexión na que nos atopemos,  
contan cunha  
relación crave nos pobos  
celtas, que crían que por  
cada castaña  
consumida, liberábase unha  
alma. Así, arredor do lume  
reúnense aínda  
familias e amigos para asar  
estes froitos á súa calor.






Sexa como  
for, o Samaín celta -tamén  
coñecido  
como Samhaín- realizou  
unha viaxe de ida e  
volta desde territorios  
europeos até  
Norteamérica para regresar  
de novo nos  
nosos días.







Cando o Samaín era  
únicamente un festexo celta, os  
pobos da actual Irlanda e o  
noroeste da Península Ibérica  
puñan fin ao verán e iniciaban  
un ciclo novo, o que daba paso  
ao inverno.

A celebración do Samaín  
garda ademais unha estreita  
relación co Día dos  
Mortos que aínda se festexa en  
México.






Os mortos, autorizados a deambular polo mundo dos vivos, regresaban ocasionalmente ao abrirse a porta entre a vida e o máis aló. A estación sombría para os celtas está a piques de empezar e, con ela, unha noite de festa enraizada na nosa cultura e orixes.







# RECOLLIDA DE INFORMACIÓN DO PERCORRIDO TENEBROSO



1. De que festa procede Halloween e cando se celebra?

2. Que é a queimada e como se prepara?

3. É certo que esta tradición vén dos Estados Unidos?

4. Por que os celtas elixiron ese día?

5. Para que levan máscaras?

6. Escribe a tradición dalgún lugar mencionado

7. Que se cría que ocorría ao comer unha castaña?

8. A que outra festividade de que país se semella?



9. Cando e quen compuxo o conxuro da queimada?

10. Nomea un dos platos ou bebidas típicos desta celebración e que lugar corresponde.

11. Quenes volvían nesta noite?





